

Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se realiza a convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos para o ingreso na categoría de traballador/a social.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29 de decembro), ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por debaixo do 8%, regulando os procesos de estabilización do emprego temporal nas administracións públicas.

Por Decreto 81/2022, do 25 de maio, aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, en desenvolvemento do artigo 2 e das disposicións adicionais quinta, sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluíndo a presente convocatoria prazas que corresponden ás disposicións adicionais indicadas.

A coordinación esixida pola Lei 20/2021 entre as distintas administracións públicas no desenvolvemento dos procesos de estabilización derivou, no marco da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, e sen prexuízo do establecido no artigo 29.1.f) do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, no Acordo de Recomendacións do 18 de outubro de 2022 para aplicación do proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021.

Na Mesa Sectorial de Sanidade celebrada o 5 de decembro de 2022 a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CCOO, SATSE e UGT acadaron Acordo sobre criterios básicos dos baremos das convocatorias dos procesos de estabilización da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Neste contexto normativo, de conformidade coa Lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 81/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, logo da negociación coa representación sindical no seo da Mesa Sectorial de Negociación e no uso das competencias

que lle atribúen o artigo 18 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG, núm. 208, do 31 de outubro) e o artigo 7 da Orde do 22 de abril de 2020, de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG, núm. 82, do 29 de abril de 2020); resolve convocar concurso de méritos para o ingreso na categoría de traballador/a social, de acordo coas seguintes

BASES

I.- NORMAS XERAIS

1.1.-Prazas

1.1.1.- Convócase concurso de méritos para o ingreso na categoría de traballador/a social.

1.1.2.- O número de prazas que se convoca neste proceso selectivo é o que se detalla no anexo I desta resolución.

Inclúese a praza ofertada no anexo III do Decreto 81/2022 polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, posto de traballo ocupado por persoal laboral (asistente/a social), que cumpre as condicións de estabilización previstas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e que se declara a extinguir sendo convocado, en execución do Decreto 81/2022, como praza de persoal estatutario da categoría de equivalencia, traballador/a social que, se concretou no anexo III do citado Decreto. A resolución do proceso, co conseguinte nomeamento de persoal estatutario fixo, suporá a extinción do vínculo orixinario, que se efectuará conforme á normativa de aplicación.

1.2.- Sistemas de acceso

As persoas interesadas poderán participar neste proceso selectivo polo sistema de acceso libre. De conformidade co establecido na lexislación do emprego público de Galicia, o artigo 5 do Decreto 81/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, en desenvolvemento da dita Lei 20/2021 e no artigo 8 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de



provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dado o número de vacantes ofertadas non procede a reserva de prazas pola quenda de discapacidade na presente convocatoria.

1.3.- Promoción interna

1.3.1.-En aplicación do Decreto 81/2022, pola propia natureza dos procesos de estabilización, destinados a reducir a temporalidade no emprego, non procede efectuar reserva de prazas a promoción interna.

II.- REQUISITOS

As persoas interesadas en participar neste proceso deberán posuír na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e no momento da toma de posesión como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde os seguintes requisitos:

2.1.- Requisitos.

2.1.1.- Nacionalidade:

a) Posuír a nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, estar incluído no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as ou ter recoñecido tal dereito por norma legal.

b) Así mesmo, poderán participar o cónxuxe dos españois e dos/as nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, e sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

2.1.2.- Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa legalmente vixente.

2.1.3.- Capacidade funcional: Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das



funcións que se deriven do correspondente nomeamento.

2.1.4.- Habilitación: Non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

2.1.5.- Titulación: Estar en posesión da titulación que se especifica no Anexo I desta resolución ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións extracomunitarias ou obtidas noutro Estado membro, deberán posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para efectos profesionais, respectivamente.

2.1.6.- Protección xurídica do menor.- Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade coa previsión contida no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

2.1.7.- Aboar as taxas por dereito de exame, de ser o caso.

Non poderán formalizar a súa inscrición no proceso selectivo as persoas que reunisen en dita data a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría.

2.2.- Taxas

2.2.1 Formalización do pagamento das taxas

Por imperativo legal, de conformidade co disposto na *Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas,*



prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como requisito necesario para participar no proceso selectivo, deberase aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe de 38,02 euros e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes, en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o ingreso da taxa empregárase un impreso de autoliquidación como o sinalado no Anexo V. Tal impreso, así como os códigos para a súa formalización seranlles facilitados ás persoas interesadas nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e estarán dispoñibles na páxina web do Servizo Galego de Saúde, no apartado de emprego público. A non presentación deste impreso de autoliquidación, -no que deberá figurar a data e o selo da entidade bancaria-, xunto co formulario de inscrición no proceso, determinará a exclusión da persoa aspirante.

Poderase tamén realizar o pagamento da taxa por internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á oficina tributaria, a través da oficina virtual na páxina web do CIXTEC (www.cixtec.es) e premer a ligazón Oficina Virtual-Tributaria (cor azul), entrar a servizos de acceso libre e taxas, prezos, multas e sancións. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimírase o xustificante de ter aboada a taxa (modelo 730), que será o que se presente xunto coa solicitude.

Así mesmo, o/a solicitante poderá facer efectivo o pagamento da taxa a través de Fides/expedient-e, habilitándose un enlace directo ao sistema de pago electrónico de taxas da Consellería de Facenda. Neste suposto, non será necesaria a presentación do xustificante de ter aboada a correspondente taxa xunto coa solicitude.

En ambos supostos, a presentación do xustificante de aboamento non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

2.2.2 Exención e bonificación no aboamento da taxa

Estarán exentos do pagamento da taxa por dereito de inscrición:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.



- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50% á inscrición solicitada:

- Polas persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- Polas persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.
- Polas vítimas do terrorismo, entendendo por tales as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o/a cónxuxe do/a falecido/a e os/as fillos/as dos/as feridos/as e falecidos/as.

As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando xunto coa solicitude de participación no proceso a seguinte documentación:

- Copia compulsada da cualificación de discapacidade ou da resolución pola que se lle recoñece a incapacidade permanente.
- Copia compulsada do título oficial de familia numerosa, de carácter ordinario ou especial.
- Certificación negativa da percepción actual de prestación/subsidio por desemprego e da antigüidade como demandante de emprego expedida polo Servizo Público de Emprego.
- Copia compulsada ou electrónica auténtica da sentenza xudicial firme, ou resolución administrativa pola cal se recoñece a condición de vítima do terrorismo.

2.2.3. Devolución de taxas

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolverase, logo dos trámites correspondentes, aos/ás aspirantes excluídos/as que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

2.3.- Rexistro electrónico dos requisitos de participación



As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán declarar no formulario electrónico de inscrición que reúnen todos os requisitos de participación esixidos nesta convocatoria. Ao formulario electrónico de inscrición accederase a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) no apartado *Fides/expedient-e/Sección de Procesos/Concurso de Méritos*.

2.4- Prazo e procedemento de acreditación dos requisitos de participación

2.4.1.- As persoas aspirantes, excepto no suposto e respecto da documentación que se sinala na base 2.5, deberán presentar xunto coa solicitude de participación, e dentro do prazo de presentación de instancias a seguinte documentación:

1.- Fotocopia do documento nacional de identidade, pasaporte ou número de identidade estranxeiro en vigor.

Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española e teñan dereito a participar neste proceso selectivo segundo o disposto na base 2.1.1.b) deberán presentar copia compulsada ou electrónica auténtica da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión Europea en vigor.

2.- Xustificante de ter aboado os dereitos de exame. As persoas exentas ou con bonificación no pagamento das taxas deberán presentar copia cotexada da documentación que acredite este dereito nos termos esixidos na base 2.2.2.

3.- Fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría ou a documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, nos termos previstos nos Anexos I e III desta resolución.

Deberá presentarse tradución xurada ou equivalente segundo o disposto no anexo III daqueles títulos que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

No caso de titulacións extracomunitarias ou obtidas noutro Estado membro da Unión Europea, deberá presentarse ademais o documento que acredite fidedignamente a súa homologación e recoñecemento, respectivamente.

O/a aspirante non terá a obriga de achegar a documentación acreditativa da titulación cando a mesma conste como validada (V) en FIDES/expedient-e.

2.4.2.- A falta de acreditación pola persoa interesada dos requisitos de participación determinará a súa exclusión do proceso de selección.



2.4.3.- En todo caso, a autoridade convocante reservarase o dereito a exixir que se acredite convenientemente a existencia ou non dos requisitos de participación e idoneidade dos/das aspirantes, en calquera momento anterior á resolución definitiva do concurso de méritos.

2.5.- Verificación dos requisitos de participación a través da plataforma de intermediación.

2.5.1.- Excepto no suposto de oposición expresa do/da aspirante manifestada no espazo habilitado ao efecto no formulario electrónico de inscrición no proceso (Fides/expedient-e), o órgano convocante procederá a verificar na plataforma de intermediación (PasaXe!) a seguinte documentación acreditativa dos requisitos de participación:

- DNI/NIE.
- Certificado de discapacidade expedido por un órgano da Comunidade Autónoma de Galicia
- Condición de demandante de emprego no territorio nacional e de non ser perceptor de prestación ou subsidio por desemprego.
- Título de Familia Numerosa na Comunidade Autónoma de Galicia.

Fóra destes supostos ou cando conste a oposición expresa á súa consulta, os/as aspirantes deberán presentar a documentación acreditativa de todos os requisitos nos termos que se indican na base 2.4.

2.5.2.- Se unha incidencia técnica debidamente acreditada imposibilitase o funcionamento ordinario dos sistemas, o órgano convocante poderá requirir ao/á aspirante a acreditación en papel de todos os requisitos de participación.

III.- MÉRITOS

3.1.- Méritos a valorar

Os méritos a ter en conta neste concurso serán os recollidos no Anexo II e valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Tales méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático *Fides/expedient-e* e



acreditados documentalmente pola persoa interesada na forma e prazos que se indican nesta convocatoria.

3.2.- Rexistro electrónico e acreditación de méritos

3.2.1.- Para o rexistro electrónico dos méritos, os/as aspirantes deberán proceder da seguinte forma:

As persoas interesadas accederán a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) ao expediente electrónico do profesional (FIDES/expedient-e) segundo se indica no anexo IV destas bases e comprobarán os datos do seu currículo baremables no proceso de selección que constan rexistrados na aplicación informática, así como o seu estado.

Se non consta ningunha información ou está incompleta, a persoa aspirante, ata o último día do prazo de presentación de solicitudes, deberá rexistrar no sistema Fides/Expediente-e os méritos que posúe para os efectos da súa valoración no concurso de méritos. Logo do seu rexistro electrónico, deberá imprimir a solicitude de validación, que estará dispoñible na aplicación informática na epígrafe de "informe".

A solicitude de validación para este proceso dirixirase a unha unidade de validación das relacionadas no formulario electrónico de inscrición e poderá presentarse ata o último día do prazo de presentación de instancias en rexistro administrativo, electrónico ou presencial, ou a través de calquera dos procedementos que se indican na base 5.2.

3.2.2.- Xunto coa solicitude de validación, o/a aspirante deberá achegar a documentación acreditativa dos méritos que figuren pendentes de validación nos termos que se indican no Anexo III. Só se admitirá como medio de acreditación válido o que se indica para cada un dos méritos no indicado anexo.

A documentación acreditativa dos méritos deberá presentarse na orde que figura cada un dos méritos na solicitude de validación.

3.2.3.- Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva non se admitirá, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias e para os efectos da súa valoración neste proceso, ningunha documentación acreditativa de novos méritos aínda que consten rexistrados no expediente electrónico, agás aquela documentación que, esixida no Anexo III e constando



documentalmente ter sido solicitada polo/a interesado/a ao organismo ou entidade competente no prazo de presentación de solicitudes ou nun momento anterior, esta non fose recepcionada polo/a interesado/a no indicado prazo, suposto en que se admitirá a súa presentación no prazo de reclamación contra a lista provisional de admitidos/excluídos.

Fóra deste suposto e prazo non se admitirá a presentación de ningunha documentación acreditativa de novos méritos.

3.2.4.- Aquelas persoas que, con anterioridade á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* solicitasen, mediante a achega da documentación correspondente, a validación dalgún mérito previamente rexistrado no expediente electrónico e que se atope validado ou pendente de catalogar pola Administración, non terán que presentar novamente a documentación acreditativa de tal/es mérito/s agás a complementaria que resulte necesaria para a súa actualización.

É responsabilidade do/da aspirante a actualización de méritos consonte a data de referencia deste proceso mediante a presentación de novos certificados. No suposto de que non se produza tal actualización, só se terán en conta os achegados inicialmente.

3.2.5.- Aquelas persoas que, con anterioridade á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* solicitasen, mediante a presentación da documentación correspondente, a validación dalgún mérito previamente rexistrado no expediente electrónico e que se atope pendente de validar, deberán presentar, de ser o caso, dentro do prazo de presentación de solicitudes, a documentación complementaria para acreditar debidamente o mérito nos termos do Anexo III.

3.2.6.- Aquelas persoas que, con anterioridade á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* rexistrasen no sistema informático os seus méritos, que figuran como pendentes de validar sen que presentasen ningunha documentación acreditativa deles, deberán solicitar a súa validación e acreditar documentalmente a súa posesión nos termos do Anexo III dentro do prazo de presentación de instancias para que poidan ser, se é o caso, valorados no dito procedemento.

3.2.7.- Non será necesaria a acreditación documental do cumprimento dos seguintes méritos:

- A experiencia profesional como persoal estatutario nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade.



- A formación recibida e impartida pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

3.2.8.- A Administración poderá requirir, en calquera momento, a achega de documentación complementaria acreditativa de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

3.2.9.- Para os efectos deste proceso, e sen prexuízo da súa validación e catalogación nun momento posterior, poderán deixarse sen validar e catalogar no expediente electrónico persoal do/da aspirante aqueles méritos que non teñan incidencia na puntuación a asignar no concurso de méritos por ter acadado o/a aspirante, cos méritos xa validados e catalogados, a puntuación máxima na respectiva epígrafe do baremo.

3.2.10- Os méritos que na data de publicación desta convocatoria figuren como validados en Fides/expedient-e permanecerán no dito estado, agás nos supostos en que se aprecie un erro de validación que obrigue á súa modificación.

Os méritos que non consten rexistrados no sistema informático na data de finalización do prazo de presentación de instancias non serán obxecto de valoración.

IV.- ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Para os efectos da asignación da puntuación prevista na base 8.1.3 desta convocatoria, aqueles/as aspirantes, que estean en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a *Orde do 16 de xullo de 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega*, deberán rexistrar este na epígrafe "idiomas" do expedient-e e achegar copia compulsada do mesmo dentro do prazo de presentación da solicitude de participación, salvo que xa conste este título como validado no expedient-e.

V. SOLICITUDE

5.1.- Formulario de inscrición

5.1.1.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán cubrir unha única



solicitude de participación, en modelo normalizado, a través da Oficina Virtual do Profesional (*FIDES/expedient-e/Sección de Procesos/Concurso de Méritos*), á cal se accederá seguindo as instrucións que se establecen no Anexo IV, e que logo de formalizada electronicamente deberán imprimir, asinar e presentar nos lugares e prazo indicados nos apartados 5.2 e 5.3, respectivamente.

5.1.2.- Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura no formulario de participación ou en calquera dos documentos acreditativos dos requisitos de participación.

As modificacións que, con carácter excepcional, resulte necesario que efectúe o/a aspirante nalgún dos datos contidos na solicitude de participación impresa efectuaranse mediante escrito dirixido á mesma unidade de validación á cal se dirixa a instancia de participación e no cal se indicará con claridade a modificación que se pretende.

Tal solicitude de modificación deberá presentarse, xunto coa instancia que modifica ou copia desta, a través do procedemento e prazo previstos na cláusula 5.2 e 5.3 desta convocatoria.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, non se admitirán as modificacións das solicitudes previamente presentadas.

5.1.3.- A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

5.1.4.- O domicilio que figure nas solicitudes considerárase como o único válido aos efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto o erro na súa consignación como a comunicación ao Servizo Galego de Saúde de calquera cambio do mesmo. O mesmo será aplicable aos outros medios de comunicación posibles, como os teléfonos de contacto e o correo electrónico.

A Administración convocante poderá comunicar a través de Fides/expedient-e, de forma xeral ou individualizadamente, calquera nova que se produza no desenvolvemento do proceso.

5.1.5.- Xunto coa solicitude de participación, a persoa aspirante deberá achegar a documentación esixida na base 2.4, a xustificación documental de todos os méritos previamente rexistrados no expediente electrónico que non acreditase nos termos da base 3.2 e, se é o caso, a



documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega.

5.2.- Lugar de presentación

As solicitudes de participación no concurso de méritos dirixiranse a unha unidade de validación das relacionadas no propio formulario electrónico de inscrición e poderán presentarse por rexistro electrónico, de forma presencial no rexistro xeral dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para o rexistro electrónico da solicitude requirirase dun certificado dixital válido: FNMT, DNI electrónico ou Camerfirma.

As solicitudes subscritas no estranxeiro poderanse cursar, no prazo expresado no número tres desta base, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

5.3.- Prazo de presentación

As solicitudes de participación poderán presentarse desde o día 16 de xaneiro de 2023 ata o 16 de febreiro de 2023, ambos días incluídos.

VI. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

6.1.- Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declaren con carácter provisional os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, co motivo da exclusión.

6.2.- Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución para poderen corrixir, se for o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente solicitude de participación no proceso, non consten como admitidas nin excluídas na relación publicada.



6.3.- Non se poderá emendar a presentación da solicitude fóra do prazo habilitado para este efecto. A estimación ou desestimación das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe o listado definitivo de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra tal resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se recoñeza aos/ás interesados/as a posesión de todos os requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprendese que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación no procedemento.

VII. TRIBUNAIS

7.1.- A composición dos tribunais de selección será paritaria para o conxunto da oferta de emprego do Servizo Galego de Saúde. De conformidade co artigo 4.5. do Decreto 81/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia (DOG Núm. 102, de 30 de maio), poderá designarse un mesmo órgano de selección para varias categorías, respectando na súa composición os criterios sobre designación de tribunais establecidos pola lexislación de emprego público e demais normativa de selección.

7.2.- Os tribunais cualificadores do concurso de méritos, serán nomeados pola autoridade convocante, publicándose a este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias do órgano convocante, corresponden ao tribunal de selección as funcións relativas á avaliación das competencias profesionais dos/das aspirantes a través da valoración dos distintos aspectos do seu currículo profesional e formativo así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan



precisas en orde ao correcto desenvolvemento do proceso e a resolución de incidencias.

7.3.- Os tribunais terán a súa sede, aos efectos de comunicacións, envío de documentación ou incidencias, na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, situada en San Lázaro s/n, 15703 de Santiago de Compostela.

7.4.- Os tribunais estarán compostos por un número de membros non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes.

De conformidade co establecido no artigo 59 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, a pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte do órgano de selección.

Os membros dos tribunais terán a condición de persoal funcionario de carreira ou estatutario fixo das Administracións Públicas ou dos Servizos de Saúde, ou de persoal laboral fixo dos centros vinculados ao Sistema Nacional de Saúde, en praza ou categoría para a que se esixa posuír titulación de nivel académico igual ou superior á esixida para o ingreso.

Os tribunais poderán propoñer ao órgano convocante a incorporación aos seus traballos dos/as asesores/as especialistas ou de apoio que estimen oportunos. Os/as ditos/as asesores/as limitaranse a prestar a súa colaboración nas especialidades técnicas, con voz e sen voto.

7.5.- Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando conorra neles/as algunha circunstancia das previstas no artigo 23 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público* e no Acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010 ou realicen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas da correspondente categoría nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/A presidente/a deberá solicitar dos/das membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos/as nas circunstancias previstas no citado artigo 23 da *Lei de Réxime Xurídico do Sector Público* nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá ser tamén realizada polos/as asesores/as especialistas previstos e polo persoal auxiliar que o tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal e demais persoal



colaborador cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme ao artigo 24 da *Lei de Réxime Xurídico do Sector Público*.

7.6.- A autoridade convocante publicará, no seu caso, no *Diario Oficial de Galicia*, resolución pola que se nomeen os/as novos/as membros que teñan que substituír aos que perderon a súa condición por algunha das causas previstas.

7.7.- Constituirase o tribunal coa asistencia da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, coa presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a. Na dita sesión, o tribunal adoptará as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a asistencia da maioría dos seus membros, con presenza, en todo caso, do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións celebradas polo tribunal redactarase a correspondente acta que será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a.

Resultarán de aplicación á constitución e funcionamento dos órganos de selección as disposicións sobre órganos colexiados contidas na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*.

7.8.- Os tribunais que actúen no proceso selectivo terán a categoría primeira das recollidas no *Decreto 144/2001, de 7 de xuño, actualizado pola Resolución do 20 de xuño de 2008 (DOG Núm. 138, do 17 de xullo)*, segundo o acorde o órgano competente na materia.

VIII.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

8.1.1 Sistema de selección

De acordo co establecido no artigo 3 apartado 3.2.1. do Decreto 81/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, en desenvolvemento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o sistema de selección será o de concurso de méritos.

8.1.2 Méritos a valorar

Os méritos a valorar serán os recollidos no Anexo II da presente Resolución. A puntuación



máxima a acadar pola valoración de tales méritos será de corenta puntos.

8.1.3 Coñecemento da lingua galega

Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego e garantir o dereito das/dos usuarias/os dos distintos servizos sanitarios do Servizo Galego de Saúde ao seu uso, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, no concurso de méritos valorarase o coñecemento da lingua galega, cunha puntuación específica e adicional de 5 puntos.

Terán dereito a esta puntuación os/as aspirantes que teñan acreditado na forma e prazo indicados na base cuarta desta convocatoria estar en posesión do certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

8.1.4 Puntuacións provisionais.

O tribunal poderá requirir, de oficio, dos/as aspirantes ou de calquera Administración pública, a documentación complementaria ou as aclaracións precisas coa finalidade de asegurar a máxima obxectividade na adxudicación da puntuación do concurso de méritos.

Realizada polo tribunal a baremación correspondente, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da súa exposición, con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nos distintos apartados do Anexo II, a correspondente á acreditación do coñecemento da lingua galega, de ser o caso, así como a valoración total do concurso de méritos.

Contra os resultados da baremación provisional, os/as aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

8.1.5. Puntuación final do proceso

Á vista das reclamacións presentadas ou apreciado de oficio polo órgano de selección algún erro material na baremación provisional asignada aos/ás aspirantes, o tribunal practicará as oportunas correccións e aprobará as puntuacións definitivas de méritos do concurso e elevará á



autoridade convocante para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes seleccionados/as.

A puntuación total do/da aspirante no proceso será a que resulte da suma da puntuación definitiva obtida pola valoración de méritos do concurso que se recollen no anexo II máis a acadada por aquel no apartado de coñecemento da lingua galega.

8.1.6. O sistema de desempate efectuarase a favor dos/das aspirantes que tivesen maior número de días de servizos prestados na categoría (na que participa) no Servizo Galego de Saúde. De persistir o empate, continuarase polo maior número de días de servizos prestados noutra categoría/especialidade no Servizo Galego de Saúde e, de ser necesario, sucesivamente por cada apartado do baremo de formación e outros méritos pola súa orde. De seguir existindo méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas dirimirase o desempate a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta. Para rematar, decidirá a maior idade do/da aspirante.

Enténdese, a estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando na categoría obxecto de convocatoria exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos, entre o número de mulleres e o número de homes.

IX. RELACIÓN DE ASPIRANTES SELECCIONADOS/AS E ELECCIÓN DE DESTINO

9.1.- Os/as aspirantes definitivamente seleccionados/as disporán do prazo que se determine na resolución prevista no apartado 8.1.5 para a presentación da seguinte documentación:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, no seu caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que lle imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á



infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos, de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado Rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación.

d) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría á que opta.

9.2.- Os/as que dentro do prazo fixado non presenten a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos para participar no presente proceso selectivo, non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

No suposto de aspirantes que non poidan acreditar a capacidade funcional por encontrarse en situación de incapacidade permanente total para a profesión habitual (na categoría á que opta), incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez en virtude dunha resolución que prevé a revisión por melloría, ou que ten sido recorrida, o/a aspirante poderá aportar a documentación que acredite a recuperación da capacidade funcional ata o momento en que remate o prazo fixado para a revisión ou se dite a correspondente resolución, continuando a súa participación no proceso desde ese momento, previa acreditación da recuperación da capacidade funcional.

9.3.- Comprobada a documentación de todos/as os/as aspirantes aprobados/as, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación definitiva de aspirantes seleccionados/as.

En ningún caso se poderá declarar que superaron o concurso de méritos un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

9.4.- Nesta mesma resolución aprobarase a relación, por institución sanitaria, de prazas que se oferten aos/ás aspirantes seleccionados/as e o procedemento e o prazo para que estes manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

9.5.- De acordo co establecido no artigo 17 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, as prazas vacantes que se oferten corresponderán sempre a prazas básicas da correspondente categoría.

9.6.- As prazas adxudicaranse entre os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada no



concurso de méritos, segundo a orde de prelación de destino/s que tiveran efectuado, que terá carácter vinculante e irrenunciable.

9.7.- O acto de elección de destino poderá ser presencial ou telemático. O/a aspirante que, no prazo e conforme ao procedemento que se estableza, non compareza ao acto de elección presencial ou renuncie á elección de praza non poderá ser nomeado/a, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións. A mesma consecuencia aplicarase a aqueles aspirantes que nun acto de elección telemático, non tivese seleccionado todos os destinos que se oferten pola orde de prelación que considere, e non resultase adxudicatario/a de ningún polos que tivese optado. Neste suposto, a autoridade convocante procederá ao chamamento de novos/as aspirantes, no número que se corresponda coas prazas ofertadas e non elixidas, coa finalidade de que manifesten a súa opción polas mesmas, previa acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos. Esta opción realizarase pola orde de prelación que resulte da lista definitiva.

X. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

10.1. Unha vez adxudicados os destinos, publicarase no Diario Oficial Galicia a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, con nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino a aqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Non poderán ser nomeados persoal estatutario fixo as persoas aspirantes seleccionadas que no momento de expedir o correspondente nomeamento se encontren en situación de incapacidade permanente total para a profesión habitual (na categoría á que opta), incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez. Neste suposto, se a resolución que recoñece a incapacidade prevé a revisión por melloría, ou ten sido recorrida, a participación do/a aspirante no presente proceso quedará en suspenso ata o momento en que remate o prazo de revisión ou se dite a correspondente resolución, procedendo nese momento e previa acreditación da recuperación da capacidade funcional á realización do correspondente nomeamento.

Tampouco poderán ser nomeados persoal estatutario fixo as persoas aspirantes seleccionadas que no momento de expedir o correspondente nomeamento tiveran a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría noutro servizo de saúde.



10.2. Os/as nomeados/as disporán do prazo dun mes para incorporarse á praza adxudicada. O cómputo deste prazo iniciarase ao día seguinte ao da publicación á que se refire o punto anterior. A toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión ao cal pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo. Non entanto, en casos de forza maior, e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión. A incorporación ás prazas adxudicadas levará aparellado o cesamento do persoal temporal que, se é o caso, as ocupe, de acordo cos criterios de incorporación e cesamento vixentes.

10.3. Presupostos de aplicación da cláusula indemnizatoria da Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. A Lei 20/2021, do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece unha compensación económica para o persoal estatutario interino que, ocupando prazas susceptibles de formar parte da convocatoria extraordinaria de estabilización segundo a Lei 20/2021, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización.

A presente convocatoria inclúe prazas recollidas no Decreto 81/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, en desenvolvemento da citada Lei 20/2021, debendo indicar que non procederá indemnizar a aquelas persoas que ocupando prazas da/s categoría/s obxecto desta convocatoria susceptibles de formar parte da convocatoria extraordinaria de estabilización, non resultando adxudicatario/a de praza no proceso selectivo se encontre nalgún dos seguintes supostos:

- Non participen neste proceso selectivo, ou unha vez inscrito renuncie á participación no mesmo.
- Resolto o proceso selectivo, non visen finalizada a súa relación coa Administración sanitaria e continúen en activo nalgún nomeamento temporal ou renuncie á súa formalización.

Tampouco procederá indemnizar a aquelas persoas que tendo sido nomeados/as persoal estatutario fixo, non tomen posesión da praza.



10.4. Co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no suposto de situacións nas que os seleccionados por diversos motivos non continúen no proceso, cubrirase a baixa coa persoa aspirante incluída inmediatamente a continuación na relación de seleccionados, pola orde de prelación que resulte da lista definitiva.

Nomeadamente chamarase ao seguinte aspirante, nos supostos de:

- Renuncias aos dereitos derivados do proceso selectivo.
- Non reunir os requisitos establecidos na convocatoria para o desempeño da praza.
- Non presentar a documentación requirida.
- Non formular elección de praza en tempo e forma conforme ao procedemento establecido.
- Non producirse a toma de posesión na praza adxudicada.
- Ser declarado en situación de excedencia sen dereito a reserva de praza con efectos desde o mesmo día da toma de posesión.

Nos supostos previstos no apartado anterior, non se modificará a elección de praza realizada con carácter previo ao nomeamento, adxudicándose ás novas persoas aspirantes as prazas resultantes das devanditas situacións.

10.5.- De conformidade coa disposición adicional 2ª do Decreto 70/2017, do 13 de xullo (D.O.G núm. 145, do 1 de agosto), como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación no Diario Oficial de Galicia do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero, previstas no artigo 4 da citada regulación, que se impartirán polo Servizo Galego de Saúde.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionado/as que a teñan realizado con anterioridade, conste rexistrada en Fides/expedient-e e teña sido debidamente convalidada.

XI. NORMA DERRADEIRA

11.1-De conformidade coa disposición adicional novena da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29 de



decembro), negociarase en Mesa Sectorial as condicións respecto das bolsas específicas ou da súa integración en bolsas xa existentes para os aspirantes que non superen os procesos selectivos previstas na disposición adicional cuarta de dita Lei.

11.2.- Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, ao tribunal encargado de vulgar o concurso e aos/ás que participen nel.

11.3.- Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, pola autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión, poderán ser impugnados polos/as interesados/as de acordo co establecido na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

11.4.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Dirección, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso administrativa nos termos da *Lei 29/1998, de 13 de xullo*.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Recursos Humanos

do Servizo Galego de Saúde

[sinatura dixital á marxe]

Ana M.^a Comesaña Álvarez



ANEXO I.- Prazas e titulación

Categoría	Subgrupo	Acceso libre	Total	Titulación
TRABALLADOR/A SOCIAL	A2	8	8*	Título universitario oficial de graduado/a ou diplomado/a en Traballo Social.

*Inclúe a praza ofertada no anexo III do Decreto 81/2022, posto de traballo ocupado por persoal laboral.

ANEXO II.- BAREMO

1.- Formación e outras actividades: 12 puntos

1.1. Académica

a) Grao:

1. Estudos da correspondente diplomatura ou grao:

Plan antigo:

- Por cada matrícula de honra: 1,5 puntos
- Por cada sobresaliente: 1 punto
- Por cada notable: 0,5 puntos

Non se valorará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.

A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas no plan de estudos, expresando o cociente con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

Plan novo:

A puntuación correspondente aos estudos de cada aspirante obterase mediante a aplicación do seguinte algoritmo:



$$0,10 \text{ Cn} + 0,25 \text{ Cs} + 0,50 \text{ Cmh}$$

$$\text{Ca} + \text{Cn} + \text{Cs} + \text{Cmh}$$

As anotacións Ca, Cn, Cs e Cmh corresponden ao número total de créditos que na certificación académica estean adscritos a materias troncais e obrigatorias e nos que, respectivamente, se obtiveron as cualificacións de aprobado, notable, sobresaliente e matrícula de honra. Non se puntuará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.

Non serán valorados os créditos correspondentes a materias optativas ou de libre elección/configuración.

A puntuación resultante expresarase con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

- b) Título de doutor/a no ámbito das ciencias sociais: 1 punto.
- c) Premio extraordinario de doutoramento no ámbito das ciencias sociais: 0,5 puntos.
- d) Máster universitario oficial, Máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario no ámbito das ciencias sociais/ciencias da saúde:

d.1 En caso de estar computado en créditos ECTS:

Título oficial: 0,05 puntos/crédito.

Título propio: 0,025 puntos/crédito.

d.2 En caso de estar computado só en horas:

Título oficial: 0,005 puntos/hora.

Título propio: 0,0025 puntos/hora.

A titulación de máster deábea rexistrar o/a aspirante en Fides/expedient-e na epígrafe de formación continuada/máster.

e) Docencia universitaria impartida no ámbito do traballo social: 0,5 puntos/curso académico, ata un máximo de 1,5 puntos.

1.2. Continuada:

a) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Servizo



Público de Emprego, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo Servizo Galego de Saúde ou por calquera organismo público, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría a que se opta.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das administracións públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta.

- Por crédito: 0,30 puntos.
- Por hora: 0,030 puntos.

A puntuación que se outorgará aos/ás aspirantes que impartisen os anteditos cursos será de 0,060 puntos por hora de docencia impartida. Valorarase a formación impartida que teña un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste, calquera que sexa a tipoloxía destes.

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título exixido para o acceso á categoría á que se opta.

Os cursos de informática, prevención de riscos, de xestión clínica, de bioestatística e de metodoloxía da investigación valoraranse con independencia da data de obtención do título exixido para o acceso á categoría, cunha puntuación máxima de 4 puntos.

Non serán obxecto de valoración os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios, talleres ou similares.

1. 3.- Outras actividades:

a) Pola autoría de publicacións relacionadas coas funcións da categoría no ámbito das ciencias da saúde e/ou ciencias sociais, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e táboas de valoración:

a.1) Revistas

As publicacións deben pertencer a revistas indexadas en InDICES CSIC, IBECS, Pubmed, Web of Science (Wos), Embase, PsycINFO ou estar incluídas nalgunha das revistas de traballo social que



se relacionan a continuación. Noutro caso, non serán obxecto de valoración.

NOME DA REVISTA	ISSN
Área social	1139-2924
Dts. Documentos de traballo social. Revista de traballo e acción social	1133-6552 2173-8246
Papers del col.legi	1887-7176
Rts. Revista de treball social	0212-7210 2339-6385
Fervenzas. Revista galega de traballo social	1578-2026
Tsmu. Revista de traballo social de murcia	1696-7852 2255-2758
Acciones e investigaciónes sociais	1132-192X 2340-4507
Bits, boletín informativo de traballo social	1578-9578
Políticas sociais en europa	1669-1257
Traballo social e saúde	1130-2976
Traballo social global. Global social work	2013-6757
Comunitaria. Revista internacional de traballo social e ciencias sociais	2173-0512 2173-0520
Ehquidat. Revista internacional de políticas de benestar e traballo social	2386-4915
Pedagogia i treball social	2013-9063

Os artigos ponderaranse da seguinte forma:

- Publicacións en revistas indexadas: 0,40 puntos.
- Publicacións en revistas non indexadas: 0,30 puntos.

Non serán obxecto de valoración os artigos de opinión, notas clínicas, resumos de comunicacións e casos clínicos.

a.2) Libros ou capítulos de libros:

- Capítulo de libro: 0,10 puntos.
- Libro completo: 0,30 puntos.



Só terán a consideración de libro aquelas publicacións cun mínimo de 49 páxinas. Para a súa valoración, a publicación debe estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais de recoñecido prestixio.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Non terán a consideración de libro aínda que adopten esta forma de edición as actas de congreso.

Non serán obxecto de valoración os libros/capítulos editados como glosario, anuario, manuais de preparación para o acceso ao emprego público, cursos de formación continuada, protocolos de servizo e demais que se aprecien polo respectivo órgano de selección así como as autoedicións e/ou autopublicacións, entendendo por tales aqueles publicacións financiadas ou promovidas por algún dos seus autores ou nas que este figure como editor.

No suposto de libros ou capítulos de libros de autoría colectiva, só será obxecto de valoración aquela publicación que, da documentación presentada polo/a aspirante quede suficientemente acreditada a participación concreta na mesma. Enténdese por autoría colectiva aquela publicación na que interveñen un mínimo de catro autores.

Os capítulos de libro nos que interveñan catro ou máis autores non serán obxecto de valoración.

Normas comúns de valoración de libros e revistas

- En ningún caso, un mesmo contido determinado e obxectivo publicado baixo diferentes formas e en diferentes publicacións poderá ser obxecto de máis dunha valoración.

- Non serán obxecto de valoración as publicacións de carácter divulgativo.

Para os efectos deste baremo, non terán a consideración de autor da publicación, o coordinador, director e outros colaboradores.

2.- Experiencia: 28 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados exclusivamente como persoal estatutario temporal na mesma categoría ou categoría equivalente homologada pola conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias no Sistema Público de Saúde de Galicia: 0,20 puntos/mes.

- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario temporal na mesma categoría ou categoría equivalente homologada por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público doutros servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde: 0,10 puntos/mes.



- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal temporal na mesma categoría ou categoría equivalente homologada por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias dun país da Unión Europea/Espazo Europeo/Suíza, e servizos prestados en institucións con contrato de servizos públicos (concertadas): 0,06 puntos/mes.
- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario noutra categoría/especialidade por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público de Galicia: 0,05 puntos/mes.
- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario noutra categoría/especialidade por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público doutros servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde: 0,025 puntos/mes.

En aplicación da disposición adicional primeira do Decreto 81/2020, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, os servizos prestados polos/as profesionais que ocupen postos de persoal laboral (asistente/a social) nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde valoraranse coa mesma puntuación ca a asignada á prestación de servizos na categoría estatutaria de traballador/a social.

Normas xerais de valoración.-

Primeira.-

Os meses serán computados por días naturais.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en atención extrahospitalaria, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase en cada apartado do baremo o número total de días e dividirase entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada punto será o cociente enteiro, desprezándose os decimais.

En ningún caso, a suma dos servizos prestados con distintos nomeamentos dentro do mesmo mes natural, poderá valorarse por enriba da puntuación establecida para o devandito período dun mes.

En ningún caso, un mesmo período de servizos prestados poderá ser obxecto de valoración en distintos apartados do baremo. De igual xeito, un mesmo período de tempo de servizos prestados non poderá ser obxecto de valoración en máis dunha categoría/especialidade, ou en



varios servizos ou unidades, tanto do mesmo como de diferente centro.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas en devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

Segunda.-

Os servizos prestados durante o período en que se disfrute dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Os servizos prestados polo persoal especificamente nomeado a tempo parcial serán valorados coa conseguinte redución. Cando nun mesmo período, o/a interesado/a acredite distintos nomeamentos a tempo parcial, realizarase unha acumulación, sen que poida resultar, en ningún caso, unha xornada acumulada superior á xornada completa.

Os períodos de permiso sen soldo así como a permanencia en situación de servizos especiais valoraranse como tempo de servizos efectivamente prestados na categoría para os efectos deste baremo.

O exercicio de funcións en promoción interna temporal noutra categoría durante o tempo en que se realicen estas funcións, computaranse na categoría de orixe correspondente ao seu nomeamento orixinario.

A experiencia profesional valorarase a partir da data de superación do período formativo conducente á obtención do título que dá acceso á categoría.

Os servizos prestados en virtude dun título expedido por terceiros países, valoraranse desde a data de homologación do título da categoría polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Serán obxecto de valoración no número 3) os servizos prestados na mesma categoría en institucións sanitarias privadas con concerto sanitario ou autorización de uso co Sistema Público de Saúde, na data de prestación de servizos, que consten debidamente acreditados.



ANEXO III

Procedemento de acreditación de méritos

<p>a) Formación Académica</p>	<p>As titulacións académicas oficiais acreditaranse, segundo o suposto, mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación da respectiva Universidade, debidamente asinado, que deixe constancia de cada un dos méritos invocados polo/a aspirante e data en que foron causados. No relativo aos cursos de doutoramento, para que o dito mérito poida ser obxecto de valoración, a certificación que se achegue deberá deixar constancia expresa de que o/a aspirante realizou todos os cursos de doutoramento e indicar o programa e créditos obtidos. Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro achegarase xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento ou homologación da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p> <p>O expediente académico e cualificacións obtidas requiren, para a súa valoración, a presentación da certificación de recoñecemento ou equivalencia oficial.</p> <p>Supostos específicos.-</p> <p>a) A acreditación da formación máster, especialista e experto universitario-títulos propios, efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da Universidade en que conste ter sido superada polo/a aspirante a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización e o número de horas ou créditos ECTS asignados á dita</p>
-------------------------------	---



	<p>actividade formativa.</p> <p>Poderá requirirse á persoa aspirante a achega do programa formativo nos supostos en que non quede suficientemente acreditado a relación do seu contido co ámbito das ciencias da saúde.</p>
<p>b) Formación continuada</p>	<p>a)Recibida: Acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do certificado de asistencia ao curso no que deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a dita actividade formativa, as datas de realización, contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados. Poderá requirirse á persoa aspirante a achega do programa formativo ou categoría/s destinataria/s.</p> <p>Normas específicas para a formación en liña.- Serán válidos aqueles diplomas asinados dixitalmente por Dixital Learning cun certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) así como aqueles que se poidan referenciar a unha web verificable ou cotexable polo órgano de selección. Noutro suposto deberá achegarse certificación orixinal asinada polo órgano que impartiu a actividade formativa que conterà toda a información exixida neste punto.</p> <p>No suposto de formación en liña con desenvolvemento nun rango de datas, será válida a formación que conste superada dentro de ditas datas.</p> <p>Valoraranse os módulos ou partes integrantes dun curso nos supostos nos que quede debidamente acreditada a carga lectiva e horas/créditos asignados de forma diferenciada.</p> <p>Non se valorarán nesta epígrafe os cursos/módulos que sexan parte dunha titulación de formación académica.</p> <p>O órgano de selección resérvase o dereito de poder exixir ao</p>



	<p>aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p> <p>b)Impartida: Acreditarase mediante certificación do organismo ou entidade convocante na cal deberá constar o contido da actividade formativa así como o número de horas de docencia impartidas.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito</p>
<p>c) Docencia universitaria</p>	<p>A docencia universitaria impartida acreditarase mediante certificación da respectiva universidade na cal se fará constar expresamente o cargo docente, tipo de vinculación, departamento ou área de coñecemento na que se impartiu a docencia e datas de inicio e fin da vinculación.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado o mérito.</p>
<p>d) Experiencia Profesional</p>	<p>A experiencia profesional en institucións públicas acreditarase mediante certificación emitida pola Dirección de Recursos Humanos do centro ou órgano equivalente na cal deberá constar a seguinte información: categoría/especialidade, tipo de vínculo (fixo, temporal, atención continuada, formación, promoción profesional temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións/nº de horas no suposto de vínculos de atención continuada, total de días de vinculación, réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>A experiencia profesional en centros privados acreditarase mediante certificación da empresa na cal deberá constar a información arriba indicada, ou contrato laboral. En ambos os supostos xunto coa citada documentación deberá presentarse</p>



	<p>un informe de vida laboral emitido polo INSS.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias públicas, tal certificación deberá facer constar expresamente a natureza pública da institución e a súa integración no sistema sanitario público do Estado respectivo. Noutro caso a experiencia profesional non será obxecto de valoración.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas concertadas ou con autorización de uso deberá quedar debidamente acreditado no certificado a existencia dun concerto ou autorización de uso co respectivo servizo de saúde autonómico ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea nos períodos de vinculación. Noutro suposto, tal mérito non será valorado.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas acreditadas para a docencia, deberá quedar debidamente acreditado no certificado que se achegue a condición de institución acreditada no ámbito do SNS ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea para a formación de especialidades de profesións sanitarias.</p> <p>Non será necesario acreditar documentalmente a experiencia profesional nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade así como a condición de centro concertado co Servizo Galego de Saúde.</p>
<p>e) Publicación de traballos científicos e de investigación</p>	<p>Revistas científicas indexadas en Pubmed.- Non será necesaria a súa acreditación documental. O/a aspirante consignará na aplicación informática, no espazo habilitado para o efecto, o código de identificación PMID e rexistrará manualmente a información relativa a número de sinaturas, número de orde de sinaturas e tipo de publicación. O sistema realizará a captura automática da información relativa aos outros campos da base</p>



de datos de Pubmed para a súa posterior validación.

Revistas científicas indexadas en InDICES CSIC, IBECS, Web of Science (Wos), Embase, PsycINFO e demais revistas.- Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial responsable ou organismo público con competencias en xestión e arquivamento de publicacións. Na certificación ou copia impresa deberá constar o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

Libros/capítulos de libro editados en papel.- Deberá achegarse copia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, editorial, o seu depósito legal e/ou ISBN/NIPO, lugar e ano de publicación e índice da obra. Ademais deberá quedar acreditado o número de páxinas do libro/capítulo e que tal publicación está avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.

Libros editados en formato electrónico.- Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial ou organismo público con competencias de xestión e arquivo de publicacións, na cal se fará constar a autoría do capítulo e demais datos bibliográficos básicos que identifiquen a obra e/ou capítulo (autores, data de publicación, edición, ano, URL e data de consulta e acceso). Tal publicación deberá estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.

Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.

f) Compulsa de documentos

As copias dos documentos acreditativos de méritos que se acheguen deberán estar cotexadas/autenticadas polo



	responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.
g) Tradución de documentos	<p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español deberán acompañarse da súa tradución ao castelán ou galego, que deberá efectuarse:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Por tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España. b) Por calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro. c) Pola representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento. <p>Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida.</p>

ANEXO IV

Instrucións de acceso ao expediente electrónico (FIDES)

A Oficina Virtual do Profesional (FIDES) constitúe o punto de encontro telemático entre o Servizo Galego de Saúde e os/as profesionais cos que mantén unha vinculación, así como coas persoas aspirantes e profesionais doutros servizos de saúde que participen nos procesos de selección e provisión de prazas convocados por este organismo, configurándose como a plataforma de acceso ao expediente electrónico do/da profesional ou aspirante.

O acceso a FIDES, poderase realizar desde:

- Internet (profesionais do Servizo Galego de Saúde e procedentes doutros servizos autonómicos de saúde)



- A Intranet do Servizo Galego de Saúde (só dispoñible para profesionais en activo do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, e desde equipos informáticos situados fisicamente na rede corporativa).

1.- Acceso desde a internet.-

1.1.- Acceso desde a internet con certificado dixital.

Os profesionais do Servizo Galego de Saúde así como os que procedan doutro servizo de saúde autonómico poderán acceder desta forma a FIDES a través do enderezo <http://fides.sergas.es>.

É requisito indispensable dispoñer dun certificado dixital para acceder a través desta vía. Os certificados aceptados son os expedidos pola FNMT (*Fábrica Nacional de Moeda e Timbre*) e o DNI electrónico (*DNIE*).

Para obter o certificado dixital expedido pola FNMT será preciso solicitalo a través de Internet (no enderezo www.cert.fnmt.es), ou ben en calquera oficina da Axencia Tributaria (Ministerio de Economía e Facenda).

Se o usuario xa dispón dunha tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde con chip electrónico, esta xa contén un certificado da FNMT, polo que non será necesario solicitar un novo. De feito, a solicitude dun novo certificado inhabilitará o que existe na tarxeta sanitaria.

Pola súa parte, o DNI electrónico (*DNIE*) poderase solicitar nas oficinas da Dirección Xeral da Policía.

Para a identificación do usuario mediante tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde con chip electrónico ou a través do DNI electrónico, será preciso, con carácter xeral, dispoñer dunha lectora de tarxetas. Non se requirirá lectora de tarxetas unicamente no suposto de dispoñer dun certificado dixital da FNMT instalado no propio equipo.

Os/as usuarios/as poderán solicitar información e obter asesoramento sobre a acreditación electrónica nos PAE (*Punto de Acreditación Electrónica*) habilitados polo Servizo Galego de Saúde nos diversos centros sanitarios de atención especializada e atención primaria do organismo.

Os servizos que, a través desta forma de acceso, terán dispoñibles os/as profesionais



actualmente vinculados ao Servizo Galego de Saúde, así como aqueles profesionais procedentes doutros servizos de saúde que nalgún momento do pasado tiveran algún tipo de vinculación co citado organismo, serán, tanto o acceso á xestión do expediente electrónico e á inscrición electrónica no proceso de concurso de traslados e demais procesos de selección e provisión de prazas que convoque este organismo, así como ao resto de funcionalidades existentes na Oficina Virtual do Profesional (FIDES).

Os servizos que, a través desta forma de acceso, terán dispoñibles os profesionais que nunca tiveron un vínculo co Servizo Galego de Saúde serán, tanto o acceso á xestión do expediente electrónico como á inscrición electrónica no proceso de concurso de traslados e demais procesos de selección e provisión de prazas que convoque este organismo.

A primeira vez que un profesional acceda con certificado dixital a FIDES, solicitaráselle que cumprimente un formulario de alta con datos básicos.

1.2.- Acceso desde a internet sen certificado dixital

O acceso a FIDES desde a internet sen certificado dixital pode efectuarse a través do enderezo <http://fides.sergas.es>, mediante o sistema Chave 365, que permite aos/ás cidadáns/cidadás maiores de idade identificarse tanto en FIDES como na sede electrónica da Xunta de Galicia sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico.

Pódese atopar toda a información relativa ao sistema Chave 365 neste enderezo: <https://sede.xunta.gal/chave365>

2.- Acceso desde a intranet do Servizo Galego de Saúde.

Esta vía so estará dispoñible para profesionais en activo do Servizo Galego de Saúde e desde equipos informáticos situados físicamente na rede corporativa do citado organismo.

Os/as profesionais cun vínculo activo terán, mediante este sistema, acceso á totalidade de servizos e funcionalidades de FIDES, incluído o acceso á xestión do expediente electrónico e á inscrición electrónica nos procesos de selección e provisión.

O acceso a FIDES realizarase mediante o código de usuario e contrasinal que os/as profesionais en activo xa teñen asignado e utilizan habitualmente para acceder ao resto de funcionalidades do sistema.

3.- Acceso a Fides/expedient-e por usuarios/as, menores de idade.



O acceso efectuarase mediante DNI electrónico.

4.-Manual de instrucións de acceso e funcionamento do expediente electrónico e validación da documentación.

Na sede electrónica do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) figura a disposición dos aspirantes un manual de instrucións sobre o acceso e funcionamento do expediente electrónico, os diferentes estados nos que pode atopar a información relativa aos seus méritos e normas de validación da documentación a chegar.

5- Buzón de correo electrónico.

Para efectuar as consultas e resolver as dúbidas que xurdan en relación con este procedemento, habilítase o seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es

ANEXO V

Modelo de autoliquidación de taxas

(en documento anexo)

